

TÚMULO 5 DE FORNO DOS MOUROS (ORTIGUEIRA, A CORUÑA). PRIMEIROS RESULTADOS

PATRICIA MAÑANA BORRAZÁS

Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento»
(CSIC-Xunta de Galicia)

Resumo

Preséntanse os resultados das diversas campañas de escavación dun dos túmulos máis señeiros da comarca de Ortigueira e que pola contra, presentaba un estado de conservación pésimo: o túmulo 5 do conxunto de Forno dos Mouros, na serra de Coriscada. O obxectivo final destas intervencións foi, ademais de recuperar información sobre este monumento, preservar e acondicionar as súas estruturas para que fose comprensible a xente en xeral, así como integralo nun plan de posta en valor coma recurso cultural e turístico da comarca.

Trátase dun xacemento de gran tamaño, cos restos de estruturas monumentais aínda que moi alterado nestes últimos séculos. A singularidade deste xacemento é a presenza das estruturas dun primeiro túmulo soterrado baixo as masa tumular do segundo, o que permitiu documentar un primeiro monumento que, polas datacións radiocarbónicas, corresponde ós inicios do megalitismo, coas estruturas centrais en un estado de conservación excepcional, así como a complexidade do proceso constructivo que levou ó xacemento o seu aspecto final.

Palabras Clave

Megalitismo; Neolítico; Arqueoloxía da Paisaxe; Escavación estratigráfica; Posta en valor; Datación radiocarbónica; Proceso constructivo.

Abstract

This text shows the results of the archaeological excavation of the burial mound identified as the n.5 of the «Forno dos Mouros» group, in the range of Coriscada (Ortigueira, A Coruña). Despite being one of the most significant mounds of the area, it has been very poorly preserved. The final objective of this project was the gathering of archaeological and historical information about the monument and the preservation and enhancement of the site in order to make it understandable for the public, as part of a broader plan of cultural and touristic presentation at the regional level.

The mound is a large site, showing indicators of lost monumental structures (a megalithic chamber), but it was substantially transformed in the last centuries. Its main singularity is the presence of an earlier burial mound that was later covered and preserved by the construction of the currently visible barrow. The further construction of a major mound over it allowed an exceptional preservation of the burial chamber and gave way to a rather complex stratigraphic sequence that reflects a series of long and rich building processes.

Key Words

Megaliths; Neolithic; Landscape Archaeology; Stratigraphic excavation; Enhancement; Radiocarbon Dating; Building process

1. PRESENTACIÓN

No mes de setembro do 2000 iniciouse unha das primeiras actuacións arqueolóxicas relacionadas co denominado Plan Ortegalia, un proxecto que estaba entón nos seus comezos e que persigue a recuperación do patrimonio cultural da comarca de Ortegá, a súa difusión e posta en valor social, promocionándoo como recurso cultural e turístico. Este plan é promovido pola Fundación F.M. Ortegalia, creada formalmente a principios dese mesmo ano na vila de Ortigueira e promovida por diferentes administracións e mais patróns particulares.

A partires do deseño dun programa xeral de actuacións, artellado en torno ó Plan Ortegalia, a Fundación centrou as súas primeiras actividades na habilitación de infraestructuras estables en Ortigueira (unha oficina técnica, centro de documentación e información) e na intervención inicial sobre os elementos do patrimonio cultural da zona. Un deles é o chamado *Camiño dos Arrieiros*, unha vía de comunicación tradicional amplamente recoñecida na comarca e que pretende recuperarse coma parte dunha futura rede de itinerarios culturais (Martínez y Méndez 2002; Otero 2003). Paralelo ó desenvolvemento deste proxecto, propúxose iniciar a intervención en elementos patrimoniais puntuais, localizados no entorno deste camiño e que puideran actuar como fitos e argumentos de interese cultural para os visitantes. Entre eles destacan notablemente unha serie de conxuntos tumulares que están situados na mesma ruta de tránsito que aproveita o camiño, e que foron intensivamente documentados polos traballos de D. Federico Maciñeira na primeira metade do século pasado (Maciñeira 1947).

Neste contexto, escolleuse intervir no conxunto de Forno dos Mouros, en concreto, sobre o túmulo nº 5, combinando criterios de interese patrimonial e arqueolóxico. Ademais de atoparnos ante un dos túmulos máis monumentais do conxunto, presentaba un estado de conservación bastante precario, destacando a afección pola construción dunha pista que destruíu case un tercio do mesmo. Esta escavación desenvolveuse en tres fases, a primeira iniciada en setembro de 2000¹, no que a causa do tempo adverso apenas si se retirou a capa vexetal que cubría o xacemento; a segunda fase, na que se realizou a maior parte da intervención, desenvolveuse entre finais de maio e setembro do 2001 a cargo do mesmo equipo, rematándose no verán do 2002².

¹ Esta escavación estivo dirixida por Fidel Méndez, como axudante de dirección traballou Elena Lima, sendo o equipo técnico Camila Gianotti, Patricia Mañana, César Parceró e Yolanda Porto (técnica restauradora).

² Esta intervención, que incluíu a escavación do túmulo nº 4, estivo dirixida pola que asina este artigo, sendo axudante de dirección César Parceró e o equipo técnico Carlos Otero, Celso Barba, Rafael Poncela, Eloi Saavedra e Yolanda Porto (técnica restauradora), realizándose nos meses de agosto e setembro de 2002.

Dende o planeamento da intervención, esta incluía a execución dunha serie de actuacións paralelas e incluso posteriores á propia escavación do sitio, e que implicou a súa consolidación, restauración e posta en valor, traballos que se están a rematar nestes momentos.

O máis sobresaínte deste xacemento é que nel se atopan as estruturas de dous túmulos, no que un primeiro, de pequeno tamaño, quedou oculto baixo as estruturas dun segundo, de maior tamaño e que imprime o aspecto final do xacemento. No primeiro túmulo destaca a cámara e o seu bo estado de conservación, atopándose o entullo do acceso sen alterar e probablemente tamén o seu interior, namentres que no segundo, o grao de alteración da parte central era tal que non se atoparon evidencias de este tipo de estrutura, aínda que si se documentou un interesante sistema de coiraza e o acceso intratumular.

2. O CONTEXTO

O conxunto tumular de Forno dos Mouros localízase na divisoria da serra da Coriscada, liña de cimas que é o segundo chanzo do que, partindo dende a zona extrema de Bares, constitúe unha extensa liña de elevacións orientadas en sentido norte-sur e que chega ata a cubeta de As Pontes (Figura 1). Esta liña de cumios prolongase na denominada Dorsal Meridiana, que percorre a parte central de Galicia de norte a sur, dende Estaca de Bares ata a Serra de Faro, a altura de Chantada. Forno dos Mouros atópase no tramo norte da Dorsal, formando ademais parte do conxunto de serras que caracterizan a parte setentrional de Galicia, e servindo coma nexos de unión coa outra gran entidade física de esta área, o macizo de Xistral, onde se alcanzan as cotas máis elevadas, superando os 1.000 m.

No tramo da dorsal entre a cubeta de As Pontes e Estaca de Bares, de case 40 km, danse unhas cotas máximas entre os 750 e 800 m, descendendo de forma progresiva en dirección norte. A parte superior do cordal caracterízase por ser de morfoloxía accidentada, no que se suceden promontorios rochosos con zonas chairas en alto e as suaves pendentes norte-sur. Tanto a extensión deste cordal, como a continuidade e suavidade das súas pendentes en sentido norte-sur, así como as condicións específicas de altitude, que evitan áreas de empozamento importantes, fan deste cordal a vía de tránsito natural principal da área. Estas características do terreo é unha das causas polo que a maior parte das mámoas que se atopan nesta comarca se sitúan nestas serras e nos seus somentos.

Todas estas mámoas conforman unha rede articulada ó longo de todo o cordal, creando unhas referencias artificiais, unha paisaxe cultural construída mediante




Figura 1.- Localización xeral da Serra de Coriscada, co emprazamento dos túmulos.

fitos monumentais que se sitúan nas áreas onde a súa presenza sería máis evidente, nas rutas naturais de tránsito. O estudo das condicións de emprazamento e relacións visuais da maior parte dos túmulos que se atopan entre Bares e As Pontes, un total de 60 xacementos (Villoch 1999, 2001), puxo de relevancia, en primeiro termino, a súa vinculación con elementos naturais (bacías, rochas, liñas naturais de tránsito, etc.). Tamén se destaca neste estudo que, sendo este tramo da cordal aparentemente lineal, a súa irregularidade fai que nos atopemos ante un terreo compartimentado, polo que unha sucesión lineal de mámoas pola serra non implica unha relación visual directa entre as máis próximas, algo que se da noutros

conxuntos. Estes espazos independentes si que quedan relacionados coas mámoas, aínda que non sexa pola mámoa máis próxima na sucesión norte-sur, senón p.e. pola interconexión visual con outro monumento algo máis alonxado. Isto contribúe a crear un espazo plenamente humanizado, no que as referencias culturais máis visibles son os enterramentos que se atopan na parte superior da serra.

Tamén é precisamente pola cima desta serie de serras (Coriscada, Faladora e Caxado) por onde discorre un camiño de uso tradicional coñecido como Camiño dos Arrieiros e que unía As Pontes coa zona costeira, co Porto de Bares de acordo co traballo de F. Maciñeira (1947), no que se aproveitaban as boas condicións orográficas para o desprazamento de mercadorías a escala rexional.

O túmulo que agora nos ocupa forma parte dun conxunto de nove (Figura 2) coñecido como Forno dos Mouros-Coriscada (para distinguilo do grupo emprazado na serra da Faladora con este mesmo nome), tendo dun deles só referencias, estando actualmente destruído (no plano, ó 2 de Cruce de San Pedro). Este conxunto é, xunto co de Pena Branca, situado uns 4 km ó norte, o máis numeroso da zona da Coriscada. Forno dos Mouros localízase en estreita relación cunha zona de cruce desta serra en sentido transversal ó eixo principal de tránsito marcado pola propia serra, zona que hoxe en día é coñecida como *cruce de San Pedro*. O conxunto emprázase na metade norte deste paso, nunha suave pendente que conecta este cruce cunha serie de cimas prominentes cara o norte.

O túmulo 5 sitúase na parte norte do grupo, na cota máis elevada de todos eles, dominando dende o seu extremo setentrional un pequeno chan cunha lixeira pendente cara o sur e que se estende nun arco de sur a sudoeste respecto a el, chan onde se implantan tres túmulos máis do conxunto: un (o túmulo nº 4) a só 1 m del cara o sudoeste, e os outros dous limitando tanto física como visualmente dita zona chaira polo sur (o túmulo nº 2) e polo sudoeste (o túmulo nº 3).

3. A MAMOÁ Ó INICIO DAS INTERVENCIÓNS

O xacemento aparecía nun principio como un característico túmulo funerario, adscrito xeralmente ó Megalitismo-Neolítico. O túmulo nº 5 de Forno dos Mouros é un exemplar bastante grande, tanto por ser o de maiores dimensións do conxunto como pola súa extensión total: mide 26 m no eixo norte-sur e conserva 20 m no eixo leste-oeste, elevándose respecto ó entorno 1,80 m polo sur e case 2,50 m polo norte. Ten a 1 m de distancia cara o sudoeste un segundo monumento de menor tamaño, o túmulo nº 4, polo que nos momentos iniciais, un dos obxectivos era clarear as relacións estratigráficas entre eles.




Figura 2.- Plano de detalle do conxunto de Forno dos Mouros.

Na superficie, advertíanse dous tipos de alteracións fundamentais. A primeira delas era a profunda e extensa remoción da parte central do monumento, apreciable xa na planimetría previa que se levou a cabo (Figura 3), e que xa dende un principio nos facía pensar que existira unha estrutura cameral, que estaría ou ben moi desfigurada ou completamente desmantelada. En todo caso, aínda que non había evidencias que permitiran pensar que a mámoa tivera restos de cámara no seu centro, o gran tamaño do túmulo, que de xeito case directo está relacionado




Figura 3.- Planimetría do túmulo escavado e o inmediato, co esquema da intervención.



Figura 4.- Vista dende o sueste da situación inicial dos túmulos nº 4 e nº 5.

coa presenza de cámara, e o microtopónimo do xacemento, xa que o túmulo nº 5 é o que propiamente se chama Forno dos Mouros, topónimo directamente relacionado con grandes cámaras, facíanos esperar a documentación dalgunha evidencia. F. Maciñeira fala da existencia dunha lousa na súa catalogación (1947:73-4), aínda que nos inicios da intervención non se podía ver ningunha.

A segunda alteración importante é o impacto sufrido polo túmulo na súa parte oriental, que foi cortada por unha pista forestal nunha data que rolda entre os anos 1970 e 1980, pola información recollida dos veciños (Figura 4). En torno a un quinto do volume do monumento foi arrasado no acondicionamento desta pista, deixando á vista un corte limpo no que se podía apreciar a masa tumular, coroada polo que parecía ser unha coiraza lítica.

Ademais destas dúas importantes afeccións, superficialmente podíanse observar outras alteracións de menor entidade, como un burato no extremo norte feito con pala mecánica, o que aparentaba un aterraplanamento nesta mesma área, así como a alta probabilidade de que se levaran a cabo labores de repoboado forestal como os que se dan en toda a zona.

Con todo isto, era bastante evidente que o estado de conservación deste monumento era especialmente precario. Isto feito constitúe o argumento esencial para que fose seleccionado como obxectivo da primeira intervención directa sobre elementos patrimoniais vinculados co *Camiño dos Arrieiros* (Otero 2003). A finalidade perseguida foi, pois, dobre:

- deter o importante proceso de degradación sufrido polo xacemento,
- recuperar a súa aparencia orixinaria –na medida do posible– para poder facelo comprensible e perceptible adecuadamente por parte de futuros visitantes.

Esta finalidade é a que xustifica a execución dunha escavación ampla no túmulo, por canto calquera proxecto de posta en valor debe contar coa documentación adecuada dos rasgos formais e constructivos do mesmo, tanto de aqueles que se conserven na actualidade, como os que puideron desaparecer froito das diferentes alteracións do monumento.

4. PLANEAMENTO E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

A escavación, realizada segundo criterios estratigráficos, coa metodoloxía especificada por Parcerro et al (1997), consistiu en dous tipos de accións (Figura 3):

- En primeiro lugar, a apertura en extensión e a nivel superficial da totalidade da superficie do túmulo. Con nivel superficial facemos referencia á eliminación da totalidade dos depósitos acumulados enriba da estrutura tumular, fosen estes de orixe natural (Horizonte A actual, sedimentos antigos) ou antrópicos (sobre todo cascalleiros derivadas das sucesivas alteracións que xa se observaban superficialmente). A finalidade desta primeira fase de traballo era, polo tanto, recuperar a estrutura orixinal do monumento alí onde se conservase, de forma que puidese ser documentada e, no seu caso, musealizada.
- En segundo lugar, era necesario recoñecer a historia constructiva do monumento, máis alá do seu estado final, que é o que nos proporciona a primeira fase de traballo, así como documentar a estrutura funeraria orixinaria conformada polo espacio de enterramento central e o acceso ó mesmo, que usualmente faise polo sueste. Con estas premisas, planeouse a escavación en profundidade do centro e do cuadrante sueste do monumento. O exame da sucesión estratigráfica que mostran tanto o perfil que queda na pista como o das gabias realizadas para tal fin no centro do túmulo, permitiron axilizar e guiar a escavación en extensión do monumento.

Agora ben, a partires deste proxecto inicial, foron emerxendo unha serie de modificacións causadas pola sorprendente e acusada complexidade estrutural (constructiva e destructiva) que resultou concorrer no xacemento. A máis importante delas parte dun feito inusitado: a existencia das estruturas dun túmulo anterior cunha cámara megalítica poligonal practicamente intacta, cuberta polo seu túmulo e coiraza, que quedaba totalmente soterrado baixo o túmulo pero situada na parte noroeste do gran túmulo hoxe visible. Para a escavación deste túmulo

anterior abriuse un sector cuadrangular de 12,25 m² centrado na cámara e no seu entorno inmediato, completado con tres gabias radiais dun total de 20 m lineais, co obxecto de que permitisen non só documentar a cámara, senón tamén a súa relación estratigráfica co resto do monumento e a composición e secuencia constructiva do seu túmulo. Tratábase, polo tanto, de caracterizar o mellor posible as distintas fases constructivas deste primeiro túmulo, sen alterar gravemente as estruturas do segundo monumento (Figura 3), xa que, inicialmente, a fase final do xacemento era o que ía ser musealizado in situ, e escavar o primeiro monumento en extensión implicaría a destrución das estruturas tumulares do segundo.

A segunda gran modificación do plantexamento inicial da escavación veu dado polo absoluto estado de alteración do sector central do túmulo final, con numerosas remocións, moi profundas, que foron escavadas seguindo un proceso estratigráfico que deu lugar ó baleirado da superficie que se reflexa na Figura 3.

Finalmente, hai que mencionar os importantes problemas operativos que causou a sucesión de temporais entre o outono e inverno do 2000. Estas condicións climáticas, xunto coa situación do xacemento na cima dunha serra moi exposta, unida ás extremadamente peculiares condicións de tamaño e posición do túmulo, con outra mámoa a 1 m de distancia polo sudoeste, unha pista forestal moi transitada polo leste e un entorno con importantes desniveles, fixeron tecnicamente imposible concretar a intención de cubrir a escavación cunha carpa. Por esto, a campaña iniciada a finais de setembro do 2000, interrompeuse o cabo dun mes e medio, para proseguir a finais de maio de 2001. Poren, debe sinalarse que no momento da interrupción aínda non se descubriran contextos orixinais do túmulo, senón que unicamente se documentaran e retiraran varios dos múltiples depósitos acumulados por enriba del, co que non había risco de dano ó monumento ou de perda de información importante.

Tras esta intensa campaña do 2000-2001, quedaron certos puntos por esclarecer, así como algunhas zonas puntuais sen retirar os depósitos máis superficiais, polo que entre agosto e setembro de 2002 completouse a escavación do túmulo nº 5, en paralelo á escavación do túmulo nº 4.

5. SÍNTESE DOS RESULTADOS

Mostraremos unha primeira descrición e valoración dos resultados dende unha perspectiva de síntese preliminar. A información procedente destas actuacións está en fase de análise e estudo, pero pese a elo pareceunos interesante ofrecer unha primeira mostra do que, como trata de ensinar, é un xacemento excepcionalmente interesante no contexto do megalitismo do noroeste. Isto está ademais xustifico

pola remisión dunha serie de datacións sobre este xacemento que nos permiten encadrar dunha maneira máis precisa as distintas fases deste sitio.

O xacemento escavado resultou ser a conxunción de distintos momentos constructivos e destructivos, cunha conformación estratigráfica certamente complexa para tratarse dun túmulo, no que os eventos de destrución e alteración teñen un peso moi notable. Recolléronse un total de 860 pezas, case todas elas líticas (aínda que deste total rexeitáronse nunha primeira fase de estudio en torno a un 30% das pezas) e algo mais de medio cento de mostras de sedimento e carbóns para diferentes analíticas.

En esencia, no xacemento concorren alomenos tres episodios de construción e uso consecutivos, que poderían ser máis segundo veremos a continuación. Aínda que o veremos con máis detalle en seguida, sintetizaremos estes episodios así:

1. Construción e uso exento e aberto dunha cámara poligonal cun pequeno corredor e pavimentos exteriores.
2. Cancelación da cámara e construción dun primeiro túmulo que a soterra case por completo, construíndo na súa superficie un anel de pedras.
3. Construción dun novo túmulo que, cubrindo por completo o anterior, se estende cara o sudoeste, incrementando moito a superficie e o volume da primeira tumulación ata alcanzar as dimensións actuais. Aquí é onde xurde a dúbida de se este gran túmulo consta a súa vez de alomenos dous episodios constructivos ou unicamente dun. En todo caso, na súa aparencia final dotase dunha notable coiraza na metade sur e alomenos un anel na metade norte.

Gran parte das dúbidas que afectan á secuencia anterior proceden da importante serie de eventos destructivos, entre os que destaca a total alteración do sector central do último monumento por medio da escavación dun amplo e moi profundo burato, probablemente feito por medios mecánicos, que eliminaron por completo calquera resto da estrutura do enterramento orixinal. Isto complétase coas outras afeccións igualmente serias que parten practicamente o túmulo no sentido leste-oeste e que eliminaron a conexión estratigráfica entre a metade norte e a sur do xacemento.

Vexamos todo isto con máis detalle, comezando en sentido inverso ó da escavación, isto é, na orde de construción do monumento.

5.1. O primeiro monumento: a cámara poligonal

Do primeiro túmulo non se apreciaba nada superficialmente, ata o punto de que non había sospeitas da súa existencia. Cando se iniciou a escavación da masa tu-

mular do segundo túmulo e dos cortes que este sofrera, aflorou unha gran pedra no noroeste da mámoa que resultou ser un fragmento da pedra de cuberta dunha cámara totalmente soterrada. Polo tanto, na construción do segundo túmulo ocultouse o primeiro, sendo probable que del só aflorase esta pedra da cámara.

A **cámara**, de planta poligonal aberta cara o sueste, componse de sete laxes básicas, de forma rectangular e fíncadas verticalmente respecto ó seu eixo maior, cunhas dimensións de entre 1 e 1,30 m de alto, un ancho entre 0,40-0,75 m e un grosor entre 25-10 cm, creando un espacio interior de 1,6 m por 1,4 m de diámetro nos seus eixos máximos. O material destas pedras é lousa, xisto, seixo e cuarcita, aparecendo estes materiais mesturados nalgunha das lousas, con vetas, etc.

A parte leste da cámara atopouse algo vencida cara o seu interior, sendo a primeira pedra pola dereita respecto á entrada da cámara que fai de xamba, a que se atopa máis desprazada, parando na súa caída cara o interior na lousa de cabeceira. A parte oeste, en cambio, está lixeiramente desprazada cara o exterior, aínda que mantendo a verticalidade (Figura 5). Na cara exterior da cámara, cerrando os pequenos espazos que quedaban entre as lousas, colocábanse unha serie de reforzos, dun tamaño similar ou menor que as lousas da cámara, a maior parte delas de lousa, aínda que tamén algunha de cuarcita. Destaca de entre todas elas unha lousa, bastante fina, apoiada na cara exterior da cámara, entre a primeira e a segunda laxa pola dereita dende a entrada, que ten a metade inferior da cara que se apoiaba contra a cámara chea de coviñas, sendo algunha destas visible dende o interior da cámara pola fenda que quedaba entre estas laxes.

Todas estas lousas marcan un espacio poligonal aberto cara o sueste, sendo as pedras que marcan o seu limiar unha de lousa (a da esquerda) e unha de cor claro na que predomina o seixo (a da dereita). Colocadas perpendicularmente e apoiadas nestas últimas documentáronse dous bloques de seixo que forman un pequeno **corredor** de 0,60 m de ancho en case 1 m de longo (Figura 5 e 6). Estas pedras son dun tamaño menor que ás da cámara (entre 0,60-0,90 m de alto, 0,70-0,80 m de ancho e un grosor de en torno a 15 cm), que en contraposición á cámara están fíncadas horizontalmente respecto ó seu eixo maior.

O **interior** de toda esta estrutura, tanto do corredor como da cámara, estaban recheos cunha terra moi pouco compacta, asimilable á masa tumular deste primeiro túmulo (UE011) aínda que con algunha intrusión dun material máis vermello, xunto con algunhas pedras na parte base do depósito. A orixe deste depósito semella ser natural, resultado dun proceso de recheo dun espacio baleiro por filtración do material do entorno.

Na base da cámara, debaixo destes depósitos, documentouse un **lousado** feito a base de pequenas pedras, lousas e seixos, destacando unha gran lousa colocada



Figura 5.- Vistas da cámara dende o sur e o noroeste.




Figura 6.- Lousado do interior da cámara, vista dende o sueste.

fronte a entrada da cámara. Este lousado cubrían a totalidade do interior da cámara e do corredor, destacando o feito de estar imbricado e adaptarse perfectamente a este espacio (Figura 6). A única peza que se documentou no interior da cámara foi unha lámina de sílex completa, situada case na base do depósito de recheo da cámara, uns centímetros por enriba do lousado (Figura 16).

Baixo o lousado atopábase un depósito fino, que podería ser un Horizonte A enterrado ou unha pequena deposición natural, e que se superpón directamente a un Horizonte B. Levouse a cabo a datación deste primeiro depósito baixo o lousado e a datación da última parte do depósito de recheo, resultados que expoñemos máis adiante (Figura 20).

Un último elemento relacionado con esta cámara é un depósito dun material tipo xabre, que forma un chan preparado con aspecto de pavimento e se sitúa sobre o Horizonte B e baixo a masa tumular. Nas zonas escavadas, documentouse en tres puntos distintos, no entorno da cámara, ó norte (Figura 5), e ó este do túmulo.

A cámara aparece selada por unha serie de lousas que taponan a parte do corredor e a entrada ó interior. Estaban dispostas da seguinte forma (Figura 7a):

- unha lousa apoiada na parte máis exterior do corredor, colocada case vertical,
- outra pedra de forma alongada, sección cuadrangular, colocada na parte posterior da lousa anterior e apoiándose sobre dous seixos do acceso, no seu extremo noroeste, formando unha especie de lintel;
- detrás desta, en posición practicamente vertical, colocábase unha lousa que selaba o único espacio que quedaba aberto: a entrada pola parte superior da cámara sobre o acceso.

Con este sistema, o acceso polo sueste ó interior da cámara quedou clausurado dun xeito que parece responder a un único momento constructivo.

5.2. A construción do primeiro túmulo

Una vez selada a cámara, sen que por agora poidamos precisar con tanta diferenza de tempo, constrúese un túmulo enriba dela, que a ocultaría case totalmente. Aínda que en principio manexouse a hipótese de que este túmulo e a cámara constituísen un único conxunto monumental, o certo é que as evidencias estratigráficas mostran con total nitidez, como veremos, que a cámara é anterior a esta primeira tumulación e que esta funcionou exenta e aberta.

A masa tumular (UE011) desta primeira tumulación do xacemento pódese distinguir da do segundo por ter un maior compoñente do sedimento marrón –avermellado e gran cantidade de gravas e pedras de pequeno tamaño. O diámetro deste




Figura 7.- Detalle do selado do acceso á cámara e secuencia do depósito de pedras que se atopaban enriba dela (a dende o S; b, c, d dende o leste).



Figura 8.- Coiraza do primeiro túmulo na gabia norte.

túmulo rolda os 13 m, alcanzando unha altura aproximada de 1,70 m respecto ó nivel do chan que se documentou na escavación, sendo un depósito que cubre por completo as estruturas centrais. Á súa vez, na superficie do túmulo hai unha coiraza pouco desenrolada, máis ben un anel amplo, que se constatou con seguridade nas gabias norte (Figura 8) e sur, con algúns indicios no oeste e sen documentarse evidencias clara cara o leste, seguramente porque neste sector foi destruída polas violacións do centro do segundo túmulo.

Aínda que en xeral esta masa tumular está pouco cribada, precisamente en torno á cámara a presenza destas pedras é moito máis intensa. Trátase dun depósito de case 1 m de alto, composto de pedras de tamaño medio, lousas e seixos na súa maioría, que cubría os dous tercios superiores da cámara, ata a altura da pedra de cuberta. Estas pedras rodeaban a cámara coma un anel, alcanzando maior anchura na metade sueste, mentres que no punto contrario non era máis dunha liña (Figura 7). Pola súa posición e potencia non se trata dunha estrutura de contraforte da cámara, senón que estamos máis ben ante unha estrutura de condenación da mesma. O peso destas pedras, situadas sobre a parte superior da cámara e só nun lado, fíxo que a cámara se vencera cara o interior, provocou o colapso da cámara. O que tamén é moi claro é que esta condenación realízase simultaneamente á construción do túmulo, pois todas estas pedras aparecen rodeadas («cubriendo a» e «cubertas por»), en definitiva «incluídas en») pola masa tumular UE011.

Ademais, non existe ningún tipo de descontinuidade estratigráfica que permita supoñer algunha forma de acceso ó interior da cámara durante a existencia do túmulo / estrutura de pedras: as lousas que selan a entrada da cámara están á súa vez cubertas pola masa tumular que, como se reflexa nos perfís do sector escavado en torno á cámara, é un depósito uniforme e homoxéneo de arriba a abaixo. É, polo tanto, obvio que a única posibilidade de acceso á cámara segundo a lóxica estratigráfica (sucesión de depósitos sen descontinuidades) e a constructiva (unha cámara aberta cara o sueste e con corredor), require a ausencia do túmulo. Por isto, é forzoso supoñer que a cámara funcionase como un elemento exento e autónomo e que o túmulo é, en realidade, un elemento de clausura e ocultación da mesma. Parece, en todo caso, que esta clausura non foi total, pois todo apunta a que o túmulo non chega a cubrir o extremo superior da lousa de cabeceira nin a de cuberta, aínda que desta última só se conservaba no sitio a metade³.

³ En cota superficial, a uns 4 metros o noroeste da cámara, localizouse unha pedra moi similar a este fragmento de pedra de cuberta, e que podería ser un fragmento da mesma roto e arrastrado.

5.3. O segundo túmulo

A estrutura máis voluminosa do segundo túmulo é a súa **masa tumular** (UE012), composta de terras de matriz fina, moi limosas e coloración variable, predominando as terras gris e a marrón-vermella, moi minerais, limpas de pedras e gravas. O seu grosor varía entre os 20-30 cm no cuadrante noroeste, onde se superpón o primeiro túmulo, ata o 1,50 m na parte meridional. A pesar destas características, a aparencia volumétrica é bastante homoxénea nas partes conservadas, cun diámetro de en torno a 23 m e unha altura que rolda os 2 m, sendo algo máis elevada na parte norte do monumento.

Traballouse intensamente na clarificación da relación dos distintos tipos de terra que compoñen a masa tumular, xa que, nas súas distintas composicións e coloracións, ocupan zonas específicas do xacemento. Este fenómeno púidose observar nas distintas áreas nas que foi escavado este depósito: no perfil leste, producido pola pista; na zona centro, en torno á violación; na escavación do sueste; e nas tres gabias da parte occidental do túmulo. Estes cortes permitiron observar que, de maneira xeral, se poden distinguir tres tipos de terras dentro da masa tumular, que por orde de deposición (Figura 9), son:

- Un primeiro sedimento composto por bolsadas de limos gris e marrón, na que destaca unha maior porcentaxe de gravas que no resto de depósitos e algunha pedra na súa superficie. Ten un grosor variable, de en torno a 30-40 cm, e superponse ó primeiro túmulo e ó horizonte natural, estendéndose alomenos de sur a este respecto ó primeiro túmulo, sen documentarse de xeito claro cara o norte nin cara o oeste.




Figura 9.- Sucesión de depósitos do segundo túmulo na gabiá sur, perfil este, onde tamén se aprecia a súa superposición ó primeiro túmulo e a gabiá de alteración do sudoeste.

- Sobre este primeiro depósito e sobre o que aínda sobresaí do primeiro túmulo, documéntase o resto da masa tumular, que configura o volume final do monumento, o depósito máis extenso e o que aporta a maior parte do material. Neste pódese distinguir o predominio dos limos grises, un depósito moi homoxéneo que se estende na metade setentrional e oriental do túmulo, mentres que no arco contrario predominan os limos marróns. A conexión entre estes dous tipos de depósitos está cortada, por un lado polo acceso intratumular do sueste, e por outro por unha gabiá de violación que secciona o túmulo polo sudoeste, o que non permite identificar a relación directa entre eles, aínda que ambas terras se superpoñen ó primeiro depósito de tumulación.

Resta dicir que estes depósitos, o mesmo que pasa cós do primeiro túmulo, aséntanse directamente sobre o Horizonte B, a poucos centímetros da liña de cuarzos que caracteriza os Horizontes B dos chans da zona, sen que se documentasen en ningunha das zonas escavadas evidencias dun Horizonte A soterrado baixo estas estruturas.

Sobre este volume principal do segundo túmulo documentouse unha coiraza, composta a partir de pedras (de entre 30-40 cm) de seixo, xisto, lousa e filita principalmente, moi ben imbricadas entre si. Na súa disposición, destaca a forma disimétrica da metade norte e da sur:

- Na parte meridional do túmulo, a **coiraza** cobre a totalidade da masa tumular documentada, cun ancho de en torno ós 4,50 m, interrompida unicamente polo sueste, pola zona de acceso ó monumento (Figura 10). As alteracións que sufriu o xacemento afectaron a esta estrutura polo seu extremo leste, cortada pola pista, mentres que unha gabiá de 1 m de ancho cortouna polo oeste.
- Na parte setentrional a coiraza redúcese a un **anel** de en torno ós 1,50 m de ancho, construído sobre o límite exterior da masa tumular e que rodea todo o túmulo (Fig. 11). Concéntricamente a este anel documentouse o que podería ser un pequeno tramo doutro, co mesmo ancho, que percorre a parte superior do extremo leste do túmulo. Esta zona se atopa bastante alterada, xa que foi cortado polo leste pola pista e pola parte norte e oeste, polas diversas alteracións que sufriu a superficie do túmulo. A existencia destas pedras a modo de fiada parece indicar que o túmulo podería ter un anel paralelo ó conservado, que percorrese o diámetro superior do túmulo, aínda que tamén é posible que fose o extremo nororiental da coiraza, da que non se conserva o seu remate neste punto.




Figura 10.- Coiraza na metade sur do segundo túmulo vista dende o oeste, onde se conserva a conexión entre a coiraza norte e a sur.



Figura 11.- Aneis na metade norte do segundo túmulo, visto dende o norte.

A zona de conexión entre o anel e a coiraza consérvase unicamente no oeste do túmulo, destacando o feito de que ambos sistemas de construír esta estrutura lítica se atopan imbricados e que o cambio entre os dous anchos é radical: a coiraza pasa directamente dun ancho de 4,50 m a 1,50 m, marcándose a transición cunha liña de pedras radial ó centro do túmulo. Esta diferenza de ancho non se pode relacionar cunhas condicións de preservación distintas, xa que esta é unha das poucas zonas do monumento nos que estas non son significativas.

Como xa se describiu, a coiraza meridional estaba interrompida polo sueste, zona pola que xeralmente se realiza o **acceso** ás estruturas centrais dos túmulos. Nesta zona non se documentou ningunha alteración importante relacionada coa serie de violacións que sufriu o xacemento, de época máis ou menos recente, xa que sobre toda a metade sur do xacemento se documentou un amplo e uniforme sedimento que sela todas as unidades estratigráficas que aquí se atopan, un horizonte sedimentario de orixe natural (UE004) que marca a fase de abandono do monumento. Polo tanto, baixo este depósito natural aparecen os depósitos antigos de uso e abandono ou alteración do monumento. O máis destacado é, evidentemente, a coiraza, que no sueste se interrompe para dar paso a unha sucesión de depósitos lixeiramente afundidos respecto á cota superior da coiraza e que resultaron ser o recheo dunha depresión sobre o corredor. Estas UEs son depósitos de pedras e terras de orixe natural, resultado do derrube paulatino dos límites da coiraza cara o centro desta zona do acceso (Figura 12) e a formación do Horizonte A sobre eles. Cabe destacar que a interrupción da coiraza para dar paso ó corredor non está moi clara, xa que o remate é brusco, sen unha relación clara coa masa tumular na que foi construído o corredor, polo que se baralla a posibilidade de que ou ben se desmantelase esta parte da coiraza, ou que existise algún tipo de estrutura preceidreira, da que non quedan evidencias, que fixera de remate. A datación dun destes depósitos que enchen esta zona deprimida, permite concretar unha hipótese sobre as causas da orixe desta, tal e como se explicará na parte final do texto.

Baixo estes depósitos documentouse o que parecen as estruturas relacionabeis co momento de uso deste corredor: un anel de pedras de seixos e lousas de aproximadamente 1 m de ancho que a modo de arco unían o extremo de ambas partes da coiraza, imbricándose con ela, e que limita a área do corredor exteriormente. Dentro deste probable corredor aparece un nivel de uso do mesmo (UE033) composto por terras de matriz fina que, en lugar de ascender seguindo a pendente do túmulo, dispónse en forma de superficie horizontal. Na superficie desta UE atópanse dúas lousas apoiadas nas paredes do corredor e remarcando a súa sección en forma de «V». Este podería ser un elemento que está nunha posible posición orixinal, ou



Figura 12.- Derrube dos extremos da coiraza sobre o acceso do segundo túmulo, visto dende o sur.

sexa, que estaría dalgún xeito en funcionamento na fase de uso do corredor, aínda que non descartamos que sexa resultado dalgún tipo de alteración posterior (Figura 13). A este momento unicamente se vincula unha machada pulida, así como algún posible resto de talla en seixo.

A retirada de todas estas unidades definiu un rebaixe na masa tumular en forma de «U», de orientación noroeste-sueste, radial ó centro do túmulo, dun ancho moi regular (1 m) e paredes practicamente verticais. Este rebaixe defínese sobre o primeiro depósito que compón a masa tumular, constituíndo un corredor intratumular que, dende a parte máis exterior do túmulo, accede á parte central do mesmo, conservándose nestas mesmas medidas ata que queda interrompido polas alteracións do centro do xacemento (Figura 14).

Levantouse parte da coiraza polo lado leste do corredor co obxecto de identificar, polo menos por un lado, a forma dos seus límites laterais. Debaxo dela documentouse unha fiada de pedras moi similares ás que compoñen a coiraza, dun ancho de 1 m e un longo de 2 m, con orientación nordés-sudoeste, estrutura que

aparentemente non ten reflexo no outro lado do corredor (do oeste) (Figura 13). A escavación desta pequena área non permitiu clarificar o tipo de elemento ante o que estábamos e a súa relación co resto do túmulo, aínda que parece estar vinculado con este primeiro depósito da masa tumular, no que se practica o corredor, marcando estas pedras o seu límite suroriental. En todo caso, o que é claro é que hai unha superposición de dúas estruturas de pedra, a coiraza e este anel, o que, unido ás diferencias que se poden observar no conxunto da masa tumular no monumento recente, leva a pensar na existencia de alomenos, dúas fases sucesivas de construción deste, a primeira construída a base dun depósito de terras pouco homoxéneo (bolsadas marróns e gris) ó que está o corredor intratumular, e unha segunda fase na que se dispón o resto da masa tumular con sedimentos máis homoxéneos, sobre a que se coloca a espesa coiraza documentada na superficie do monumento.

5.4. As alteracións

Por último, falta por describir as alteracións principais que sufriu o xacemento, que son importantes na súa configuración actual, e que afectaron á coiraza e á masa tumular, e fundamentalmente á parte central do túmulo, como xa se podía apreciar superficialmente.

Así, no centro do túmulo documentouse un corte de planta aproximadamente circular e diámetro bastante amplo (uns 5 m), que afectou a toda a parte central, corte que continúa nunha gabia cara o sudoeste, seccionando radialmente o xacemento ata o exterior. Este corte afecta fundamentalmente á masa tumular e á coiraza deste segundo túmulo, aínda que tamén cortou a parte meridional do primeiro túmulo. Ademais, na parte central, e a unha cota inferior que a anterior, púidose apreciar outro corte, de diámetro máis reducido (uns 3 m) pero que afonda no substrato rochoso máis de 2 m (Figura 15), chegando ó nivel freático, parándose a escavación no punto no que se non se conservaba ningunha evidencia de actividade prehistórica, ademais de ser imposible seguir escavando xa que se atopaba totalmente encharcadó. A extensión e profundidade destas alteracións fan que non se conserve ningunha evidencia respecto á posible existencia dunhas estruturas centrais, aínda que as dimensións das alteracións fan moi probable que este túmulo tivera unha gran cámara megalítica, con laxes de gran tamaño.

Asociados ás alteracións da parte central do túmulo, documentáronse diversos cortes con sección en forma de «L» e «U», non moi profundos, na parte norte e oeste do xacemento. Estes cortes afectan principalmente á masa tumular, e presumiblemente destruíron parte do sistema de coiraza da metade setentrional do monumento, concretamente o posible anel superior, como xa se describiu. Segura-



Figura 13.- Chan de uso do corredor do segundo túmulo (UE033) coas dúas lousas na parte central do mesmo, máis o anel que o limita polo sueste. Baixo a coiraza empeza a saír o anel UE051.




Figura 14.- Vista do corredor dende o noroeste, xusto dende o límite da zona alterada.

mente derivados destas accións, tamén se viu afectado o primeiro túmulo, no que se fracturou e arrincou a metade da lousa de cuberta da cámara, a parte que emerxía deste monumento.

Todas estas alteracións tamén afectaron a un depósito de terra moi orgánica, case negra, relacionado coa fase de abandono do xacemento, que se corresponde a un antigo Horizonte A. Este consérvase cun grosor considerable na metade sur do monumento, mentres que na metade norte apenas si se conserva puntualmente. Sobre este antigo Horizonte A documentáronse unha serie de escombros que teñen directa relación cos cortes e violacións, destacando o grosor e tamaño do situado no extremo oeste do xacemento e que deformaba a percepción da relación entre o túmulo nº 5 e o nº 4 deste conxunto tumular. Unha vez retirado este depósito púidose comprobar que non existía tal solapamento, senón que entre os dous túmulos existía unha distancia mínima de 1 m, documentándose no chan que queda entre ambos unha serie de pedras de pequeno porte que, aínda que non forman ningunha estrutura no seu estado actual, poderían ser os restos dunha especie de pavimento bastante feble.

5.5. Síntese dos materiais localizados

A recollida de materiais nesta escavación planeouse para recuperar non unicamente pezas acabadas, instrumentos, senón tamén para obter información sobre o seu proceso de fabricación, sobre a cadea operativa. Partindo deste punto, recolleuse todo o material que tiña algunha evidencia clara de actividade antrópica, co que se recuperáronse unhas 870 pezas, das que o 97% son líticos.

Pezas líticas

Durante os traballos de escavación do monumento recuperáronse un total de 849 efectivos líticos. Tras unha primeira análise descartouse un 30% dos mesmos por non presentar evidencias de manipulación antrópica. O 83% das pezas son clasificadas coma **productos de talla**, englobando lascas, láminas, *debris* e outros subproductos de debitado. O resto de pezas son clasificadas coma artefactos, núcleos e elementos de adorno.

En canto ás *materias primas*, hai que destacar o emprego masivo do seixo, litoloxía de carácter local, fronte a outras rochas, como o xisto, o sílex (con dúas pezas), a variscita ou a pedra calcaria.

Entre os **artefactos tipoloxizables**, destaca a presenza de raspadores simples sobre lasca, laminiñas de borde abatido, dúas puntas de frecha de base recta (unha realizada sobre pedra calcaria), un buril dun só pano sobre lasca de seixo, elementos de fouciño, e coitelos de dorso (Figura 16). Documentáronse ademais catro



Figura 15.- Escavación do gran burato que altera o centro do monumento, visto dende o sueste.




Figura 16.- Instrumental lítico tallado (láminas, puntas de frecha, prisma e materiais en cuarzo).

útiles pulimentados, dous machados do tipo II e un do tipo I (Fábregas 1991), xunto cunha bigorna ou engra feita sobre un canto de cuarcita de morfoloxía aplanaada, que presenta dúas zonas de piqueteado contraposto (Figura 17).

Recuperándose oito contas de colar, realizadas a maioría en variscita, que tipolóxicamente responden a dous tipos: contas de tipo tubular, con perforación lonxitudinal o seu eixe máximo, e contas de tipo discoide, nas que a perforación pode ser central ou atoparse desviada (Figura 18).

Noutra orde de cousas, documentouse a presenza de pequenos cantos rodados de cuarcita que, se ben non presentan marcas de alteración antrópica, poderían ter unha función simbólica ou ser empregados como pequenos percutores. Tamén destaca a presenza de lousas con perforación central, que se interpretan xeralmente como pesas.

Sendo moi sintéticos, a maior parte do material máis notorio deste xacemento (machados, contas, puntas de frecha, etc.) atopouse nos depósitos de alteracións do monumento, a excepción dun elemento relacionado có acceso (un machado na superficie do chan do corredor), e outro que se atopou dentro da cámara do primeiro túmulo (unha lámina completa de sílex).

Outras pezas

Tamén se documentaron un total de 12 fragmentos cerámicos, todos eles nos depósitos que enchen a violación central, dos que unicamente catro son adscribíbles á prehistoria. En todo caso son fragmentos moi pequenos e inespecíficas, sen rasgos formais identificables. As outras pezas documentadas de certo interese son pequenos fragmentos de ocre (un total de sete), case todos eles en depósitos relacionados coas alteracións do túmulo. Coma curiosidade, dicir que se atopou nas capas superficiais un elemento tallado sobre vidro moderno, así coma un pequeno fragmento dunha folla dunha publicación que parece da primeira metade do século XX.

6. DA ESTRATIGRAFÍA Á ESPACIALIDADE E Á TEMPORALIDADE DO MONUMENTO

Segundo se desprende dos datos descritos nos epígrafes anteriores, estamos ante un xacemento complexo, que foi construído a partir da adición sucesiva de varios episodios monumentais (Figura 19). Con isto, identificáronse tres fases constructivas fundamentais, nas que a configuración formal e espacial do monumento cambia substancialmente.




Figura 17.- Instrumental lítico pulimentado (engra e os tres machados).




Figura 18.- Contas de colar.




Figura 19.- Secuencia das fases constructivas principais do xacemento.

A primeira correspóndese co uso exento dunha **cámara poligonal cun corredor incipiente**, da que destaca o seu excepcional estado de conservación, dado que, unha vez selada, non se detectaron remocións en ningún momento. Pódese identificar a secuencia de actividades, da cales, as súas fases principais son:

1. Erección da estrutura cameral con corredor e lousado, e o pavimento exterior a esta sobre un chan preparado, no que se eliminou o Horizonte A ata deixar ó descuberto un Horizonte B uniforme.
2. Ritual de enterramento, do que unicamente se puido identificar unha lámina como posible enxoval. Ante esta escasa presenza de material, e polo feito de non detectarse profanacións posteriores á primeira tumulación (cando se sela a cámara), pódese plantexar a posibilidade de que, ou ben o ritual de enterramento foi moi episódico e puntual, ou ben tivo moi pouco acompañamento de enxoval, ou ben houbo un saqueo previo a esta primeira tumulación.
3. Selado intencional da cámara e do seu acceso por medio de grandes lousas e bloques.

A continuación se produce un **episodio de tumulación**, o que supón ademais a condenación, intencional e ata algo violenta, de toda a estrutura. Esta tumulación inclúe o depósito de pedras en torno a cámara que, como xa vimos, estratigráficamente está intimamente ligado á construción da masa tumular. A partir deste momento, o único acceso posible ó interior da cámara é a través da cuberta, que está tapada por unha gran lousa. Segundo vimos, parte da lousa de cabeceira e desta lousa de cuberta emerxerían da masa tumular.

A homoxeneidade do depósito que enche o interior da cámara parece suxerir un proceso de recheo paulatino e homoxéneo, seguramente con material filtrado dende a parte superior (moi probablemente da propia masa tumular), pero sen que haxa, unha vez máis, alteracións ou discontinuidades de ningún tipo⁴. Como última acción, identifícase a colocación dunha serie de pedras a modo de coiraza na superficie da masa tumular.

Levouse a cabo a **datación** de dous dos depósitos relacionados coa fase de construción da cámara: unha da parte inferior do depósito de recheo da cámara, da parte máis próxima ó lousado (UA 20009) e outra do depósito existente baixo o

⁴ En calquera caso estanse a realizar análíticas das mostras de ese recheo para corroborar esa homoxeneidade a partir de criterios edafolóxicos.

lousado e sobre o Horizonte B (UA 20010), tamén no interior da cámara (Figura 20). Ambas datacións realizáronse no *The Ångström Laboratory* da Universidade de Uppsala (Suecia), onde se trataron as mostras de sedimento para extraer a materia orgánica en base a cal se fixo a datación de C14 por medio de AMS. Con este sistema, o que se está datando é a última incorporación de materia orgánica ó sedimento mostreado. Se este método pode ofrecer dúbidas sobre a súa imprecisión, en principio maior da que se pode acadar con carbóns, que poden estar datando procesos máis puntuais, as condicións de preservación destes depósitos, ambos no interior dunha cámara de pedra, nun ambiente pechado, illado, un «sobre» e outro «baixo» un lousado que pecha pola base dita cámara, sen evidencias de filtracións ou alteracións, garante en certa medida que esta última incorporación de materia orgánica a estes dous depósitos tan intimamente ligados realizouse en momentos relacionados coa construción e último uso da cámara. Ademais, a posibilidade de comparar ambas datacións, permítenos aproximarnos de maneira máis fiable ó intervalo no cal se produzo a última incorporación de materia orgánica a ambos depósitos e, polo tanto, a data na que esta estivo exposta, antes da súa clausura polo túmulo. As datas, calibradas⁵, son:

Matrícula	C14 BP	Intervalo cal BC 95.4 % (2 sigma)
UA 20009	5635 ± 50	4579-4570 (0.008)
		4552-4351 (0.992)
UA 20010	5500 ± 50	4454-4416 (0.171)
		4410-4306 (0.569)
		4305-4248 (0.260)

Así, coa UA 20009 trátase de datar o inicio do recheo da cámara, una data postquem á colocación do lousado e directamente relacionado coa posición da lámina que se documentou como único elemento de enxoval. Esta datación, que a 2s, no intervalo que ofrece unha maior marxe de confianza, é de **4552-4351 cal. BC**.

Coa UA 20010 dátase o depósito existente entre o lousado e o Horizonte B. O illamento físico deste depósito (limitado polo seu perímetro pola propia cámara e na parte superior polo lousado) parece que é garante de que esta última incorporación de materia orgánica foi no momento de construción da cámara e, concretamente, cando se pechou este depósito ó colocar o lousado. Isto parece indicar a

⁵ Todas as datas reflectidas neste texto calibráronse mediante o programa CALIB 4.3., desenvolvido por M. Stuiver, P.J. Reimer y R. Reimer (<http://calib.org/calib/>), utilizando a curva de calibración publicada en Stuiver, M. et al. 1998.




Figura 20.- Perfil nordés do interior cámara, coa situación das datacións obtidas para o primeiro túmulo.

validez desta data como significativa para situar a construción da cámara entre os s: **4410-4306 cal. BC**, a 2s, e no intervalo que ofrece maior confianza.

A comparación de ambas datacións e a súa inserción dentro da relación estratigráfica do monumento, danos unha marxe maior de probabilidade para identificar a data relativa ó momento de vida da cámara. Así, na marxe en que ambas datas son coincidentes, entre o 4410-4351 cal BC, pódese entender que se atopa o período no que se construíu a cámara, o seu lousado e se iniciou a recheo do seu interior, algo que, posto en relación co resto do xacemento, nos marca as datas de inicio do mesmo.

Estas datacións, comparadas coas existentes para os túmulos do resto de Galicia, nos indica que estamos ante un monumento dos inicios do megalitismo. A data de en torno ó 4.300 cal BC é aceptada como a que marca o inicio do megalitismo galego, o inicio dun primeiro período no que se constrúen enterramentos monumentais e que dura ata o 3.800 cal BC. Neste período concéntranse unha alta porcentaxe de datas que se vinculan a monumentos sinxelos (Alonso e Bello 1997), tal e como é o caso deste primeiro monumento de Forno dos Mouros 5.

Seguindo coas fases constructivas, en terceiro lugar se constrúe o **segundo túmulo** (Figura 19). O grao de alteración que sufriu este monumento non permite identificar tan claramente como no túmulo anterior as distintas fases constructivas. A situación de todas as súas estruturas cubrindo as do primeiro túmulo indica

claramente a súa posterioridade no tempo, aínda que para definir con precisión o lapso transcorrido entre ambos haberá que esperar ás datacións de máis depósitos de ambos túmulos, aínda que as que actualmente temos nos aportan certa luz sobre o tema. Os materiais que se atoparon en ambos monumentos non permiten claxar este tema.

Así mesmo, as alteracións da parte central non permiten identificar a existencia certa dunha cámara nin a súa relación formal co resto do xacemento, aínda que, como xa se dixo, as dimensións e profundidade da violación fan altamente probable que existise unha de gran tamaño, habendo referencias de Maciñeira (1947:73-4) da presenza dunha lousa aínda na metade do século pasado.

Con estas cautelas e limitacións de partida, propoñemos as seguintes hipóteses sobre as **fases constructivas do segundo túmulo**:

1. Unha primeira fase de **tumulación**, cun sedimento moi mineral aínda que non é homoxénea nin limpa, con bolsadas de sedimento marrón e outras de sedimento gris, con gravas e pedras, probablemente rematada no seu límite exterior por unha especie de anel, tal e como apunta a presenza dunha fiada de pedras na parte sueste, baixo a coiraza principal (Figura 17). En principio, esta tumulación non cubriría totalmente o volume do primeiro monumento, senón que máis ben o integraría no seu, estendéndose cara o sueste a partir del e seguramente tapando unicamente a metade sueste deste primeiro monumento. Nesta fase de tumulación é onde se reflicte a presenza do **corredor intratumular**, que deixa un acceso dende o exterior ata o centro, polo que a cámara estaría xa construída neste momento.
2. Unha segunda fase de **tumulación**, caracterizada por estar feita cunha terra de matriz moi fina e de cor gris na metade norte e leste e marrón na metade oposta, ambas limpas de pedras, o que evidencia un proceso de escollo do material. Esta ampliación supuxo esencialmente a deposición dunha capa deste material por enriba de todos os volumes preexistentes, sendo entón unha extensión fundamentalmente vertical. Quedan así definidas as dimensións e o volume máximo do xacemento, destacando que sería nesta fase cando quedaría totalmente soterrado o primeiro monumento. Tamén quedaría oculto ese anel anterior.
3. Na zona sueste, cubrindo o corredor anterior, identificouse un depósito de terra de matriz fino e cor pardo-escuro, máis espesa canto máis cara o sueste, deixando na súa parte central unha sección en «V»; os límites deste depósito cara o leste e o oeste non quedan ben definidos, parecendo que continúan baixo a coiraza.

4. Enriba construíuse a **coiraza**, tanto a meridional coma o anel que rodea o túmulo polo norte. Ademais, a este momento correspóndese a construción do anel que limita a zona do acceso polo sueste, tamén sobre o depósito descrito para a fase 3. A contemporaneidade da coiraza e este anel ven reafirmada polo feito de que ambas estruturas se atopan perfectamente imbricadas, sen diferenciarse ningún límite entre ambas. Na parte central, sobre o que é a zona onde se sitúa o corredor, a coiraza está interrompida, cunha depresión da masa tumular con sección en «V» e, no seu fondo, uns bloques de igual tamaño que os da coiraza que, formando unha aliñación, semellan ser un desprendemento dos límites da coiraza cara esta zona máis deprimida.
5. Na zona de acceso, cara o seu extremo sueste, sobre o anel e parte da coiraza, atópase un depósito de terra que non parece corresponderse a unha deposición natural, dun material equiparable á masa tumular, que ben podería tratarse dunha retumulación limitada deste parte do monumento, e que condenaría as estruturas de acceso, ou ben seríor resultado dunha acción non tan intencional, como, por exemplo, unha deposición secundaria resultado da remoción da masa tumular nalgún punto próximo do monumento.

Respecto ó lapso temporal no que funcionaron cada unha destas fases do monumento, non é posible aproximarse sen o apoio da datación destes depósitos e cun estudio máis de detalle dos materiais asociados a eles. Tomáronse mostras en distintos puntos dos depósitos que compuñan a masa tumular nas súas distintas fases, polo que esperamos poder extraer algunha significación temporal da súa análise. Xa dispoñemos de dúas datacións (do mesmo laboratorio que as anteriores) para a zona do corredor que, polas relacións estratigráficas identificadas, dannos unha referencia do final dos momentos de construción e uso do monumento (Figura 21). Así, datáronse mediante AMS uns carbóns localizados na **base do corredor** (na fase constructiva 1), na base do depósito que se apoia directamente sobre o chan do corredor (UE033), moi preto do machado que se rexistrou neste punto. Estes ofrecen unhas datas calibradas a 2s de entre **3103-2899 cal BC**, intervalo que se pode relacionar co inicio de recheo desta estrutura tan significativa na vida do xacemento, nun momento no que se empeza a pechar o corredor de acceso ó centro del monumento. Estas datas sitúanse na mesma tendencia que outras relativas as grandes cámaras galegas (Alonso e Bello 1997), que tamén teñen corredor e que en torno a estas datas parecen pecharse.




Figura 21.- Situación e detalles das mostras para as datacións do corredor do segundo túmulo; os perfís están situados na planimetría do túmulo (Fig. 5).

Matrícula	C14 BP	Intervalo cal BC 95.4 % (2 sigma)
UA 21688	4390 ± 45	3309 - 3237 (0.070)
		3170 - 3165 (0.007)
		3115 - 3115 (0.001)
		3103 - 2899 (0.922)

A segunda datación correspóndese o que se identificou como o derrube dos límites da coiraza sobre a zona do corredor (UE030), onde se identificou unha depresión da zona con sección en «V» (na fase 4). Baixo e entre as pedras que enchen o fondo desta depresión, na superficie do depósito, documentouse unha gran cantidade de carbóns. Sobre unha mostra dunha destas acumulacións realizouse unha datación mediante AMS, que calibrada a 2s e na marxe onde esta ofrece unha maior probabilidade, nos ofrece un intervalo entre **1982-1857 cal BC**.

Matrícula	C14 BP	Intervalo cal BC 95.4 % (2 sigma)
UA 21687	3565 ± 40	2027 - 1992 (0.080)
		1982 - 1857 (0.674)
		1847 - 1770 (0.247)

Esta datación creemos que é significativa dun momento de alteración desta zona do xacemento en plena Idade do Bronce: cando xa non se constrúen este tipo de enterramentos tan monumentais, practicaríase unha entrada tipo pozo que alterou as estruturas neolíticas, uns 1.000 anos despois de que se iniciara o recheo do corredor de acceso ó centro do monumento. O feito de que neste punto a coiraza semella estar desmantelada e a forma desta zona deprimida, en forma de «V» e con certo buzamento cara o interior do monumento (aínda que pronto se atopa alterado polas remocións posteriores), apoia esta hipótese de entrada, que tamén se identifica en outros monumentos (Vilaseco 1995, 2000). Incluso o depósito que se atopa ó sueste desta zona, sobre a coiraza e o anel (fase 5), adquire outra dimensión, puidendo tratarse da entulleira resultado da escavación deste pozo para entrar no espacio central do monumento.

Como xa se describiu, sobre estes depósitos atópanse episodios de acumulación posteriores ó abandono do xacemento e outros de eliminación e posterior recheo, relacionados con eventos de destrución. A fase de abandono do monumento está definida pola existencia dun antigo horizonte A por toda a superficie do túmulo, así como unha serie de depósitos de terra e pedras sobre a parte máis deprimida do acceso. Estes últimos parecen indicar un recheo paulatino, natural, quizais cunha fase de derrube inicial dos extremos da coiraza, aínda que non se pode descartar a posibilidade de que este se corresponda cun cegado intencional deste espacio.

Finalmente, os episodios de alteración supuxeron, sobre todo, a remoción da parte central do segundo túmulo, no que se atoparían as estruturas máis monumentais, relacionándose coa mesma unha profunda gabia no sudoeste e uns cortes na parte norte e oeste do xacemento, así como a deposición de diversas entulleiras por toda a superficie do túmulo.

Por último, recalcar que a estratigrafía do xacemento permítenos identificar un tipo de construción que varía de maneira substancial ó longo da súa existencia. O monumento funciona durante certo tempo coa cámara como único elemento construído, polo cal se configura un espacio distinto (ó interior da cámara) no que se realizan os enterramentos. Chegado certo momento esta se pecha, polo que a cámara, como construción que creou un espacio oculto á vista de todos, un espacio social de acceso restrinxido, perde sentido, inutilízase, e isto faise coa construción do túmulo, un tipo de construción que se fai significativa polas súas propias características cara o exterior, xa que é un elemento do cal o espacio útil, polo que un se pode mover e percibilo, atópase na súa cara externa. Estamos ante un proceso de construción ambiguo, pois no momento que se constrúe a estrutura máis monumental do xacemento, estanse ocultando outros elementos relevantes da cons-

trucción, e un ademais moi significativo, pois é na cámara onde a priori se realizan os enterramentos. Este proceso semella repetirse para o segundo monumento, aínda que algo máis complexo, pois neste caso existe un acceso intratumular e a propia construción do monumento xa implicou a ocultación dun monumento anterior, que queda xusto na parte «traseira» deste segundo, no lado oposto á entrada do máis monumental.

É un proceso longo no tempo, tal e como nos mostras as datacións de C14, cunha primeira fase do xacemento inserida nos inzos do fenómeno megalítico, mentres que as datas que temos do segundo monumento nos sitúan nos finais do período. Todo apunta a que nos atopamos ante un fenómeno baseado nunha tradición social de longa pervivencia, na que se intúen picos de actividade e de silencio monumental que nos permiten propoñer un modelo non continuo e lineal (Criado 2002; Criado et al 2003; Mañana 2003). A isto apuntan cada vez máis o número de datacións de C14 que se están conseguindo para monumentos galegos e doutras rexións do Megalitismo Atlántico (Alonso e Bello 1997; Cruz 1995). A tendencia mostra como os dous mil anos de actividade monumental non foron un fenómeno continuo, cunha actividade constructiva constante (como é habitual que se entenda). Ó contrario, como cremos que se reflicte neste xacemento, o monumento aparece como un proxecto inacabado, e a súa historia estratigráfica nos mostra unha superposición de episodios de actividade constructiva e destructiva, etapas con construción e etapas onde non se constrúen monumentos e nos que poden variar os usos e funcións dos mesmos.

7. ACTUACIONES POST-EXCAVACIÓN

Dende un primeiro momento, estas intervencións establecéronse non como unha acción puntual ou individual no patrimonio arqueolóxico da zona, senón có obxecto de poñer en valor o conxunto megalítico da zona. Está articulada cun programa xeral de recuperación do patrimonio cultural da comarca de Ortegal, a súa difusión e posta en valor social e a súa promoción coma recurso cultural e turístico. Polo tanto, a descrición da intervención realizada non está completa sen, alomenos, enumerar as distintas accións executadas ou previstas para que este xacemento sexa finalmente accesible ós diversos visitantes e adquira un valor histórico dentro da vida da comarca.

A primeira acción que se levou a cabo tras a primeira campaña de escavación (no 2001), foi unha consolidación provisional do xacemento, co obxecto de garantir a estabilidade estrutural do monumento e á espera de rematar os traballos no

mesmo en datas posteriores, así como a execución dun proxecto de restauración e musealización in situ⁶. As accións de consolidación provisional que se levaron a cabo foron as seguintes:

1. Tapado definitivo de aqueles sectores de traballo como cortes ou gabias que, abertos en virtude das necesidades do proceso de escavación, non constitúen elementos relevantes patrimonialmente.
2. Tapado definitivo do sector central do xacemento, no que, non só non se conservan restos das estruturas orixinais, senón que en determinado momento practicouse un profundo pozo que supón un risco evidente para a estabilidade do túmulo e para a seguridade das persoas e animais que se acerquen o xacemento.
3. Tapado provisional de aquelas zonas con elementos potencialmente museables (como a cámara funeraria do primeiro episodio de uso do xacemento ou a área de acceso o sueste) que asegure a súa preservación na espera do proxecto definitivo.

Todas as tarefas de tapado fixéronse empregando un material separador que diferencia as partes non escavadas do xacemento (xeotextil) e dispoñendo naqueles lugares máis proclives á acumulación de auga, capas de grava e/ou area para a súa drenaxe. Por enriba delas, nas partes de tapado definitivo, depositouse a propia terra da entulleira da escavación, que se foi compactando para asegurar a súa estabilidade.

A restauración continuou no 2002⁷, sendo as accións principais desenvolvidas neste xacemento:

1. Caracterización dos procesos de deterioro que afectan ó túmulo.
2. Desvío da pista forestal.
3. Restitución do volume orixinal de monumento.
4. Consolidación química e física da masa tumular.
5. Restauración da coiraza e do anel na zona onde estes foran cortadas pola pista ou violación.
6. Reparación do entorno inmediato.

⁶ Esta intervención foi deseñada pola restauradora Yolanda Porto e executada polo mesmo equipo de escavación.

⁷ Esta fase de actuación foi deseñada e dirixida por Fidel Méndez e Yolanda Porto.

Nestas datas tamén se iniciou a colocación de carteis explicativos do conxunto tumular, o máis próximo a este xacemento na pista de entrada ó mesmo, no cruce de San Pedro.

Por último, no 2003 continuaron os traballos destinados a completar a exposición do xacemento e os resultados da intervención. Estes articuláronse tanto no propio lugar onde se implanta o xacemento, co control da conservación do monumento (tanto a avaliación das accións de restauración como o control da vexetación e outras accións que poidan alterar as estruturas expostas do xacemento), como na exhibición do mesmo dentro do programa do Centro Arqueolóxico que se creou na vila de Ortigueira. Na restauración *in situ* finalizouse o acondicionamento do entorno e do monumento, coa restauración da vexetación e a eliminación de entulleiras e irregularidades resultado tanto da propia intervención como dos traballos forestais (Figura 22). Aquí quedou reflectido o momento final do monumento, no que queda a vista ó impresionante sistema de coiraza ó completo, aínda que se optou por non recrear a posible cámara megalítica que emerxería do seu centro. Por último, como parte do proxecto museográfico do centro arqueolóxico de Ortigueira, realizouse a extracción e colocación en dito centro da cámara do primeiro túmulo (Figura 23), acción que está apoiada polo seu interese, debido ó seu bo estado de conservación, a imposibilidade de expoñela *in situ* cunhas condicións de preservación mínimas e, sobre todo, o feito de que se constatou que durante certo tempo esta funcionou exenta.

A Fundación Federico Maciñeira está a continuar actualmente co programa de exhibición deste xacemento e dos seus resultados, tanto coa colocación de carteis explicativos no monumento, o control da súa situación, ademais da súa inserción na ruta do Camiño dos Arrieiros, a edición de folletos e publicacións explicativas, a mellora da contextualización e calidade expositiva no centro arqueolóxico, etc., todo elo dirixido a dar a coñecer e inserir o fenómeno megalítico da zona, as súas características máis definitorias, tanto no seu contexto inmediato como a escala máis xeral, e acadar que esta parte do patrimonio cultural da comarca sexa un recurso de interese que axude a mellorar a oferta cultural da zona.

AGRADECEMENTOS

Todos os técnicos que participamos nas intervencións de Forno dos Mouros temos que agradecer o interese e o esforzo a todos os que alí traballaron. O conxunto de persoas que participaron na escavación de 2000/2001 merece un recoñecemento especial. Aqueles que estiveron no «inferno líquido» do inverno



Figura 22.- Vista xeral da restauración realizada ó final das escavacións dos túmulos n° 4 e 5, dende o S.




Figura 23.- Cámara montada no centro arqueolóxico de Ortigueira.

do 2000, pola súa paciencia e resignación: Celso Barba, David Pérez, Álvaro Arizaga. Os que se incorporaron no verano, polo moi longo e duro traballo que fixeron: Lorena Martín, Bernardo Martínez, Electra Menéndez, Silvia Rodríguez, Roberto Rodríguez, Yolanda Seoane e Javier Soler. E por todo á vez ós resistentes que engancharon unha coa outra: Paula Méndez, Rafael Poncela, Marta Tabarés. Esporadicamente sumáronse gran cantidade de colaboradores: Carolina Pérez, Mercedes Rey, Gena Baamonde, Jose A. Santiago, Íñigo «Barri» Senín, Peppino López, Anxo Rodríguez, Mariqui Martínez, David Barreiro, Xurxo Ayán e Pilar Prieto.

Ós que participaron na campaña do 2002: Juan Á. Anca Calvo, Isabel Cabrera, Teresa Espejo, M^a del Pilar Giraldez, Juan F. López, Roberto López, M^a Jesús Losada, Darío Peña, M^a Elena Taboada, Andrés M. Teira, Elías Fernández y Marco Nisi. Agradecemos tamén a colaboración nas primeiras duras semanas de Íñigo «Barri» Senín, Laura Fraga, Julián Díaz e Bernardo Martínez.

Tamén agradecer o estudio dos materiais que realizaron Sofía Baqueiro, Miguel A. González e Pilar Prieto.

Persoalmente teño unha gran débeda con todos os técnicos que participaron nas intervencións, dos que aprendín moito. O asesoramento e as ideas de Felipe Criado e Victoria Villoch; a Fidel Méndez, o seu empuxe, todo o que falamos nos longos meses de escavacións deste xacemento e os seus apuntes; a David Barreiro, a súa paciente revisión do escrito; a César Parcero, o seu sentido da medida das cousas, do que a ver se aprendo algo, ademais das correccións deste texto.

8. BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MATTHÍAS, F.; BELLO DIÉGUEZ, J.M. 1997. Cronología y periodización del fenómeno megalítico en Galicia a la luz de las dataciones de Carbono 14. En A. Rodríguez Casal (ed) *O Neolítico Atlántico e as Orixes do Megalitismo. Actas del Coloquio Internacional* (Santiago de Compostela, 1-6 de abril de 1996): 507-20. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- CRIADO BOADO, F. 1999. *Del terreno al espacio: planteamientos y perspectivas para la Arqueología del Paisaje*. CAPA (*Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje*), 6. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje.
- CRIADO BOADO, F. 2002. *La razón Perdida*. Madrid: Ed. Akal.
- CRIADO BOADO, F.; GIANOTTI GARCÍA, C.; MAÑANA BORRAZÁS, P. 2003. Espacios para vivos - espacios para muertos. Perspectivas comparadas entre la monumentalidad del Atlántico ibérico y el sudamericano. En *Actas del III Congreso del Neolítico en la península Ibérica*. Santander: Universidad de Cantabria. No prelo.

- CRUZ, D.J. 1995. Cronología dos monumentos con tumulus do Noroeste peninsular e da Beira Alta. *Estudos Pré-históricos*, 3:81-119. Viseu.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. 1991. *Megalitismo del Noroeste de la Península Ibérica. Tipología y secuencia de los materiales líticos*. Madrid: UNED.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F. 1947. *Bares. Puerto Hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento.
- MAÑANA BORRAZÁS, P. 2003. Vida y Muerte de los Megalitos. ¿Se abandonan los túmulos?. *ERA- Arqueología*, 5: 166-181. Dafundo.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M.C.; MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. 2002. *Ortegalia, a raíz do norte*. Orti-gueira: Fundación Ortegalia.
- OTERO VILARIÑO, C. 2003. *Una ruta cultural en Ortegal: el Camiño dos Arrieiros*. TAPA (*Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio*), 30. Santiago de Compostela: Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (IIT, USC).
- PARCERO OUBIÑA, C.; MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F.; BLANCO ROTEA, R. 1999. *El Registro de la Información en Intervenciones Arqueológicas*. CAPA (*Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje*), 9. Santiago: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (ITT, USC).
- STUIVER, M.; REIMER, P.J.; BRAZIUNAS, T. F. 1998. High-precision radiocarbon age calibration for terrestrial and marine samples. *Radiocarbon*, 40 (3):1127-1151. Tucson.
- VILASECO VÁZQUEZ, X.I. 1995. Estructuras de acceso no megalitismo do NW peninsular: unha aproximación teórica. En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), I: 387-89. Vigo: Consellería de Cultura/Concello de Vigo.
- VILASECO VÁZQUEZ, X.I. 2000. *Estructuras de acceso nos monumentos megalíticos do Noroeste*. (Tesis de Licenciatura) Departamento de Historia I, Facultade de Xeografía e Historia, USC. Santiago de Compostela. Inédito.
- VILLOCH VÁZQUEZ, V. 1999. La sucesión de paisajes monumentales en las Sierras Faladora y Coriscada (A Coruña). *Gallaecia*, 18: 53-71. Santiago de Compostela.
- VILLOCH VÁZQUEZ, V. 2001. El emplazamiento tumular como estrategia de configuración del espacio social: Galicia en la Prehistoria Reciente. *Complutum*, 12: 33-49. Madrid.